

Esta mostra ten como obxecto poñer en valor o papel que desempeñaron as asociacións culturais en Galicia e os seus axentes durante os últimos quince anos da ditadura franquista (1961-1975). Desde as primeiras iniciativas de rescate da cultura galega comezadas por Galaxia e a súa rede, as accións daqueles mozos e mozas foron determinantes para estender a lingua e a cultura identitaria mediante a fórmula asociativa, nun marco pouco propicio para este labor. A súa metodoloxía integradora, tendendo pontes co galeguismo de antes da guerra, e a súa penetración no tecido social foron determinantes para consolidar os pasos precisos no camiño da construción dunha cultura nacional.

Ricardo Gurriarán

Comisario e coordinador da exposición



Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)

UN CANTO E UNHA LUZ NA NOITE





Conferencia de Vicente Risco «Galicia y la revolución estética», no Hostal dos Reis Católicos e mecanoscrito orixinal da conferencia, organizada polo Galo en 1961



Pasquín e fotografía da representación de *Os vellos* de Castelao na praza da Quintana (Santiago, 1961)



O profesor Xesús Alonso Montero, militante comunista, intervindo nunha das primeiras actividades públicas da Asociación Cultural de Vigo (maio de 1966)

Acercos del ateneo "La literatura gallega en la segunda mitad del siglo XIX", disertará ayer en el Instituto de Estudios Medievales "Marta Uvao" el catedrático de Lengua don Xesús Alonso Montero. La charla se insalía dentro del ciclo de actividades desarrolladas por la Asociación Cultural de Vigo en orden a un mejor conocimiento del idioma gallego y de otros aspectos relacionados con la cultura, historia, etc. El auditorio fue muy afluente. — (Foto SORRY).

Dúas décadas despois da desfeita cultural e política provocada pola Guerra Civil, as primeiras asociacións culturais fundadas nas cidades e nas vilas de Galicia foron capaces de dar pasos pioneiros e determinantes para a defensa e a promoción dos valores culturais do pobo galego, anunciando o que habería de ser o programa cultural desenvolto polo sistema autonómico constituído a partir da transición democrática. Para o rescate daqueles valores, nun contexto histórico difícil que Celso Emilio alcumaría como unha «longa noite de pedra», foron necesarias moitas vontades e moitos esforzos xenerosos e solidarios daqueles que pensaron que era a hora de construír as bases dun programa cultural de noso para a Galicia do futuro. O rescate e dignificación da lingua, en primeiro termo, como xenuína e feliz expresión popular. E como método de acción, a formación de asociacións, ateneos e agrupacións que comezaron a funcionar coa complicidade e co compromiso dunha nova xeración de xentes que estaban a chegar ás aulas universitarias, que comezaban a viaxar e que confiaban na

cultura como unha ferramenta axeitada para o coñecemento da historia, a realidade socioeconómica e os problemas máis estruturais de Galicia. Alborexaba a década dos sesenta do pasado século, aqueles anos que marcaron profundamente os rumbos da sociedade occidental até a eclosión final das revoltas do ano 68, tamén sucedidas de modo precoz na Compostela universitaria da primavera daquele ano. Foi aquela unha tarefa difícil, marcada particularmente pola censura propia da ditadura franquista, que dubidaba entre reprimir directamente ou «tolerar» estas novas manifestacións de actividade cultural que se estaban a afastar dos criterios e dos medios oficiais creados polo réxime. Pero tamén había moita confianza no futuro. Xa pasaran máis de vinte anos da Guerra Civil, xa algúns exiliados, tal que Rafael Dieste, Silvio Santiago, Luís Soto ou Luís Seoane comezaban a retornar a Galicia de forma intermitente ou definitiva. Xa había plataformas culturais sólidas como a editorial Galaxia e movementos xeracionais como o das Festas Minervais celebra-

das en Compostela na segunda metade da década dos cincuenta. Nese escenario dificultoso pero cada vez máis aberto á práctica cultural pensada e feita en galego, foron aparecendo as primeiras agrupacións culturais que son obxecto central desta mostra. A primeira en Santiago de Compostela no ano 1961 co nome de O Galo, que foi a que tentou abrir camiños que moi logo habían seguir outros colectivos, bautizados con nomes aurorais, dispostos a cambiar a paisaxe cultural e canda ela a imaxe, a conciencia e a proxección do país. De todo iso e moito máis trata a exposición *O asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)*, que o Consello da Cultura Galega promoveu e organizou ao se cumpriren cincuenta anos daquele primeiro paso imprescindible para outras transformacións e avances. Mesmo para a democracia e a autonomía, que daquela eran apenas visibles entre tanta bretemosa *lonxanía*. Mais algo viña movéndose naquel tempo de sombras e unha das probas está aquí, nesta mostra que detalla o




Díptico da mostra *20 pintores gallegos*, primeira actividade cultural organizada polo Galo (xuño de 1961)



Conferencia de Camilo Nogueira, presidente da Asociación Cultural de Vigo, no Ateneo de Moaña. Acompañano Xan López Facal, con lentes, e directivos do Ateneo (ca. 1969)

máis significativo do que facer cultural de moitas cidades e vilas galegas, de Compostela a Vigo, da Coruña a Ourense ou de Ribadavia a Ribadeo. Foron os primeiros pasos para unha necesaria regaleguización, plasmados nos cursos de lingua galega, nos ciclos sobre a historia de Galicia ou nas conferencias e coloquios dedicados a reflexionar, argumentar e debater sobre o teatro, o espallamento da obra literaria, o achegamento ao cinema e á música... Iniciativas e actividades que crearon novas redes de comunicación e abriron, así mesmo, relacións e espazos aos contidos culturais nos medios de comunicación, a saber, na prensa impresa e na radiodifusión, pois daquela a televisión aínda ficaba lonxe. A mostra foi ideada con dúas finalidades importantes. A primeira, consonte cun dos mandatos básicos do Consello da Cultura Galega, consiste en preservar este patrimonio colectivo que estaba espallado en pequenos arquivos das asociacións ou mesmo en mans privadas. Grazas á súa xenerosidade, puidemos dixitalizar unha gran masa documental que vai ficar

Tarxeta-convite para o acto que organizou en 1968 o Ateneo de Pontevedra o Día das Letras Galegas



Carteis da Mostra de Teatro Galego de Ribadavia, organizada por Abrente (1974), e do Festival Folk Galego, organizado polo Galo e polo Facho en 1975



como un referente para o estudo desta etapa histórica. A segunda finalidade está na propia exposición que resultou deste traballo previo: trátase de recoñecer e difundir o traballo das xentes e dos colectivos pioneiros do asociacionismo cultural, poñendo en valor aquel legado e incorporando eses activos a este tempo noso. Para cumprir ese obxectivo a mostra ten carácter itinerante pola Galicia que as entidades asociativas propulsoras da cultura converteron en argumento para o estudo e o coñecemento e tamén para a reflexión e a transformación da sociedade. En suma, queremos abrir un espazo para a nosa propia autoestima colectiva e para a recuperación do papel central que a cultura desempeñou na configuración da Galicia dos últimos lustros. A realización deste proceso de recuperación patrimonial e de elaboración do catálogo e da mostra *O asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)* non sería posible sen o contributo de moitas persoas, como se recoñece no amplo elenco de agradecementos, e de forma especial sen o entusiasmo despregado polo seu

comisario, Ricardo Gurriarán, persoa xa ben bregada neste tipo de iniciativas, como se puxo de manifesto hai poucos anos coa mostra dedicada ás revoltas do 68. Grazas a iso, todo ten un ar de familia que penso que lle cadra ben a esta nova actividade de reconstrución dun período esencial da historia cultural e política de Galicia. De forma pioneira e mesmo emblemática, a primeira daquelas asociacións culturais leva o nome dun galo e a segunda, dun facho. O galo que canta que unha nova xeira histórica está amecendo no abreinte de Galicia e o facho que alumeu os pasos daqueles devanceiros son as mellores metáforas que podemos escoller como definición dos tempos que corren hogano, nos que se segue a precisar de galos que canten e de fachos que dean luz, aínda que agora actúen en plataformas dixitais e en redes sociais e non en humildosas asociacións.

Ramón Villares
Presidente do Consello da Cultura Galega